

## INNOVA DEREITO

*Coordinador/a:* ***Pablo Raúl Bonorino Ramírez***

*Participantes:* *Rafael Fernández Acevedo*  
*Noemí García Gestoso*  
*Beatriz Gómez Fariñas*  
*Xosé Pacho Blanco*  
*Rosa Ricoy Casas*  
*Guillermo Suárez Blázquez*  
*Patricia Valcárcel Fernández*

### Liñas de actuacións

O grupo Innova Dereito pretende aplicar e difundir o uso de ferramentas didácticas non convencionais para o ensino do dereito. A primeira delas xa foi desenvolvida nun proxecto financiado pola nosa Universidade e consiste en difundir o uso do debate académico na aula. A outra pretende fomentar o uso da cultura, en particular a cultura popular, como instrumento para o ensino das distintas disciplinas xurídicas.

### Obxectivos

- Fomentar o uso do debate na aula para o ensino das diferentes materias xurídicas.
- Promover o uso dos produtos da cultura popular (cinema, literatura, cómics, series de televisión) para o ensino do dereito.

### Plan de traballo

Para lograr o primeiro obxectivo propónse continuar co desenvolvemento anual da Liga de Debate da Universidade de Vigo, que xa foi realizada en catro ocasións.

Realizar seminarios e cursos nos que se convide a especialistas de distintas disciplinas xurídicas para os efectos de levar a cabo unha reflexión crítica a partir de produtos diversos da cultura popular, en especial o cinema e a literatura. Nesta dirección o grupo vén organizando o seminario Pensar o cinema, que xa leva nove anos e pretende continuar coa súa impartición anual.

Realizar un encontro anual sobre Dereito e Literatura, que comezará este ano coa organización dun curso sobre Cervantes e o Dereito no Campus de Vigo. Pretendemos darlle continuidade e desenvolvelo anualmente sobre distintos temas e con distintas obras literarias como referencia.